

O baño



Todas as noites antes de cear doume unha ducha rápida, pero os sábados báñome durante moito tempo. Como xa son maior e teño dez anos pódome bañar eu só. Primeiro emprego unha esponxa moi suave para enxaboarme o corpo e despois lávome o pelo cun champú que cheira a froitas. Ademais gústame moito

encher a bañeira de auga aínda que a miña nai di que non debo facer iso porque hai moitos lugares onde non hai auga e persoas que non poden utilizala. Despois quédome un intre dentro de la bañeira xogando cun barquiño que me regalaron polo meu aniversario. Estou tan a gusto dentro que non me dou conta que se fai tarde. Ao final ten que vir a miña nai para sacarme.

Responde.

Cando se ducha?

Que día da semana báñase durante máis tempo?

Cantos anos ten o neno?

Quen lle axuda a bañarse? Por que?

Que é o que fai primeiro?
